BOP DEPUTACIÓN DE LUGO

SÁBADO, 7 DE NOVEMBRO DE 2026 N.º 256

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

ELECCIÓNS ÁS CORTES XERAIS DE 29 DE NOVEMBRO DE 2026

XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE CHANTADA

Anuncio

ACORDO DA PRESIDENCIA

Asunto: aceptación da renuncia da Secretaría e substitución na Secretaría da Xunta Electoral de Zona

Chantada, 30 de outubro de 2026

Modificación na Secretaría da Xunta Electoral de Zona de Chantada: Aceptación de renuncia de dona Teresa Asunción Recimil López con efectos de día 29 de outubro de 2026 e nomeamento de dona Olga Pedreira Ferreño con efectos de día 30 de outubro de 2026, Letrada da Administración de Xustiza substituta da praza nº 1 do Tribunal de Instancia de Chantada.

D.ª Teresa Asunción Recimil López, letrada da Administración de Xustiza substituta que viña desempeñando a Secretaría desta Xunta Electoral de Zona, presentou escrito de renuncia a ese cargo con data 29 de outubro, motivado pola reincorporación da letrada da Administración de Xustiza substituta adscrita á praza do Tribunal de Instancia de Chantada, ao seu posto e polo conseguinte cesamento de don Teresa nas funcións que viña exercendo na oficina xudicial. Con data 30 de outubro incorporouse ao seu posto D.ª Olga Pedreira Ferreño, letrada da Administración de Xustiza substituta, a quen, segundo a organización e distribución de funcións vixentes na oficina xudicial, corresponde desenvolver as funcións da dirección do servizo común na praza 1 do Tribunal de Instancia de Chantada.

Atendendo a elo, procédese a aceptar a renuncia de dona Teresa e ao nomeamento de dona Olga Pedreira Ferreño con efectos de día 30 de outubro de 2026 como nova secretaria da Xunta Electoral de Chantada Lugo.

Chantada, 2 de novembro de 2026.- A presidenta da Xunta Electoral de Zona, María Yanet Pérez Puga.

R. 3036

CONCELLOS

BARREIROS

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 9 de outubro de 2026, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 4º bimestre do exercicio 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no BOP durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 9 de outubro ata o 9 de decembro de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Barreiros, 9 de outubro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 3055

LÁNCARA

Anuncio

Información pública

O día 27.10.2026 a xunta de goberno local aprobou o padrón fiscal pola prestación do suministro de auga e IVE s/seu consumo, da recollida de lixo, sumidoiros, tratamento, eliminación de residuos, aluguer de contador, canon autonómico de auga do 3º trimestre 2026, e a regularización de liquidacións con 3º, 4º e 5 tramos do epígrafe de auga correspondente ao 3º trimestre 2024 en aplicación da ordenanza publicada no BOP de Lugo n.º 28 do 02.02.2026.

O importe total do padrón ascende a 122.628,56 €.

O período voluntario de cobro dende o 27.10.2026 ao 28.12.2026, de conformidade co previsto nos arts. 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL) e 62.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria (LXT).

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

De conformidade co artigo 223.1 da LXT, poderán interpoñer recurso de reposición ante ó órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

No caso do canon da auga, segundo dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando os contribuíntes afectados non fixeran efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixirase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da LXT.

Láncara, 5 de novembro de 2026.- O alcalde, Darío Antonio Piñeiro López.

R. 3009

LUGO

Anuncio

Por Decreto nº 8390/2026 do día 16 de outubro, asinado pola tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal aprobáronse as novas tarifas que para o ano 2026, considerando o IPC xeral nacional do 3,0 % e a porcentaxe extraordinaria do 1,5% nos tres aparcadoiros soterrados da cidade Lugo, obxecto do contrato de concesión administrativa asinado entre o Excmo. Concello de Lugo e INTERPARKING HISPANIA S.A., segundo se sinala a continuación:

TEMPO	TARIFA
Primeiros 92 minutos de estancia	0,0388161 €/min
Resto (a partires do minuto 93)	0,0258778 €/min
DÍA COMPLETO	
A partir de 12:00 horas	19,80 €

O detalle completo das novas tarifas para o ano 2026 revisadas e redondeadas para cada minuto do día poderá descargarse no seguinte enlace:

https://treboada.lugo.gal/index.php/s/yCrGQqmdt8pd4ma

O que se fai público para xeral coñecemento.

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

Lugo, 26 de outubro de 2026.- A tenenta de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 3010

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2026 adoptou, entre outros, o acordo 8/451 NOMEAMENTO DE CATRO FUNCIONARIAS DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, PARA DESEMPEÑAR AS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A (GRUPO: C (SUBGRUPO C2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN XERAL; SUBESCALA: AUXILIAR), na parte dispositiva do cal se fai constar:

"PRIMEIRO.- Nomear a Paula Abuín Fernández, co DNI ***3007**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto Cód. 5104/32, auxiliar administrativo/a no Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua - Arquivo Municipal.

SEGUNDO.- Nomear a Aurora de Vega Flores, DNI ***8325**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (gubgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto cód. 22/32/1, auxiliar administrativo/a no Servizo de Licenzas.

TERCEIRO.- Nomear a Yanira Abraira Veiga, DNI ***5591**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto cód. 23/32/1, auxiliar administrativo/a no Servizo de Arquitectura.

CUARTO.- Nomear a Marta Sánchez Sánchez, DNI ***4631**, como funcionaria de carreira para desempeñar a praza de auxiliar administrativo/a, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, (grupo de titulación: grupo C (subgrupo C2); escala: administración xeral; subescala: auxiliar), ocupando o posto cód. 720101/32/2, auxiliar administrativo/a no Servizo de Participación e Atención Cidadá - Negociado de Rexistro.

QUINTO.- Notificarlle o acordado ás persoas interesadas, coa advertencia que deberán tomar posesión no prazo prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

No caso de que os/as aspirantes non tomasen posesión no período sinalado, salvo causa de forza maior, perderán todos os dereitos derivados de participación no procedemento selectivo e do nomeamento outorgado á súa persoa.

SEXTO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación do presente acordo.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación do presente acordo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 28 de outubro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Excma. Sra. dona María Elena Candia López.

R. 3037

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

Por decreto da Alcaldía de 3 de novembro do 2026, procedeuse á rectificación de erro nas bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Traballo Social.

Publicadas as bases aprobadas no BOP número 227 de 03 de outubro do 2026 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Traballo Socia, advertiuse un erro na redacción do apartado 11.7.1 das referidas bases, relativo ao primeiro exercicio teórico, no que se establece o seguinte:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, relativas á parte xeral do temario (con 15 preguntas de reserva), con 4 respostas alternativas cada unha, que serán

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Debendo dicir:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, das cales 25 preguntas corresponderán á parte común do temario e 50 preguntas corresponderán á parte específica do temario que figura como Anexo I destas bases, con 15 preguntas de reserva, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Monforte de Lemos, 4 de novembro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3038

Anuncio

Por decreto da Alcaldía de 3 de novembro do 2026, procedeuse á rectificación de erro nas bases e convocatoria do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Educación Social.

Publicadas as bases aprobadas no BOP número 227 de 03 de outubro do 2026 do proceso selectivo para a provisión como persoal laboral fixo dunha praza de diplomado/a en Educación Social, no que se establece o seguinte:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, relativas á parte xeral do temario (con 15 preguntas de reserva), con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Debendo dicir:

«Primeiro exercicio teórico: Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 75 preguntas tipo test, das cales 25 preguntas corresponderán á parte común do temario e 50 preguntas corresponderán á parte específica do temario que figura como Anexo I destas bases, con 15 preguntas de reserva, con 4 respostas alternativas cada unha, que serán propostas polo tribunal e deberán mostrar o coñecemento dos contidos do temario que figura como anexo destas bases.»

Monforte de Lemos, 4 de novembro de 2026.- A primeira tenente de alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3039

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Exposición ao público da conta xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2025.

Formulada e rendida a conta xeral do Concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio 2025 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 29 de outubro de 2026; de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público xunto cos documentos xustificativos durante quince días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, os interesados poderán presenta-las reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Outeiro de Rei, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 3011

A RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/318, de data 28 de outubro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de setembro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

A Ribeira de Piquín, 28 de outubro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 3012

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía núm. 2026/319, de data 28 de outubro, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Centro de Día correspondente ao mes de setembro de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados, a partir do seguinte da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

A Ribeira de Piquín, 28 de outubro de 2026.- O alcalde-presidente, don Roberto Fernández Rico.

R. 3013

VILALBA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIÓNS DO ORZAMENTO

Para os efectos do establecido no art. 169 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo2/2004, do 5 de marzo, exponse ó público, durante o prazo de **15 días hábiles**, o expediente da *"Modificación do Anexo de subvencións do orzamento"*, que se aprobou inicialmente polo **Concello Pleno o día 3 de novembro de 2026**, ó obxeto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente, e/ou presentar as reclamacións ou alegacións que estimen oportunas, ante o Pleno, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación e/ou alegación.

Vilalba, 3 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3040

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 40/2026, subexpediente 1/2026 de crédito extraordinario. Expediente n.º: 5049/2026

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día aprobou inicialmente o 3 de novembro de 2026 expediente de modificación de créditos 40/2026, subexpediente 1/2026 de crédito extraordinario por importe de 545.871,46 euros.

O expediente permanecerá exposto ao público, na oficina da Intervención municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Vilalba, 4 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3041

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 41/2026, subexpediente 1/2026 de suplemento de créditos. Expediente n.º: 5138/2026

O Pleno do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día aprobou inicialmente o 3 de novembro de 2026 expediente de modificación de créditos 41/2026, subexpediente 1/2026 de suplemento de créditos por importe de 172.033,40 euros.

O expediente permanecerá exposto ao público, na oficina da Intervención municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

relación co artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación.

Vilalba, 4 de novembro de 2026.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 3042

VIVEIRO

Anuncio

Conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 02 de novembro de 2026, aprobouse provisionalmente a modificación da seguinte ordenanza:

- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS DE ABASTECEMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO PARA O ANO 2027

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 3 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 3043

Anuncio

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 02 de novembro de 2026, aprobouse provisionalmente a modificación da seguinte ordenanza:

- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL GENERAL

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 3 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 3044

Anuncio

Aprobado inicialmente a modificación do Orzamento Xeral para o ano 2026, anexo de subvencións nominativas, polo Pleno de esta Corporación en sesión ordinaria o 07 de outubro do 2026 e exposto ao público por 15 días hábiles, segundo anuncio no BOP nº 234 do 13 de outubro do 2026, quedou aprobado definitivamente ó non haber reclamacións contra o acordo de aprobación inicial.

De acordo co disposto no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase a modificación do anexo da subvención nominativa :

PERCEPTOR	CIF	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
ASOCIACIÓN COMISIÓN DE FESTAS DE VIEIRO	G05571922	3380.48916	500,00€

O que se fai público para coñecemento xeral.

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

Viveiro, 4 de novembro de 2026.- A alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 3045

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) - XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2026-1558 DO 2 DE NOVEMBRO DE 2026 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA DAS AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O CURSO 2026-2027

BDNS (Identif.): 939295

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/939295)

Primeira. Beneficiarios.

As persoas interesadas na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadroamento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove salvo no caso de independencia da persoa solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requerirá o empadroamento e residencia efectiva persoal.

Segunda. Obxecto

As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do material e pago das taxas ou prezos de quen se atope realizando estudos, coas dotacións máximas e demais condicionantes que se fixan nas bases posteriores.

Para os efectos das presentes Bases, enténdese por Bolsa ou Axuda ao estudo "toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias"

As modalidades de bolsas e axudas ao estudo son as seguintes:

MODALIDADE 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario.

MODALIDADE 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela.

MODALIDADE 3.- Axudas para alumnos con discapacidade física ou psíquica que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación.

MODALIDADE 4.- Axudas para compra de material escolar.

MODALIDADE 5.- Axudas para estudos de doutoramento.

MODALIDADE 6.- Axudas para máster

Terceira. Bases reguladoras

Poden consultarse as Bases Regulamentadoras da presente convocatoria na seguinte dirección: https://xove.sedelectronica.gal/transparency/676b7e81-659d-4cf9-9e3b-9b3918520218/

Cuarta. Contía

O Concello de Xove aboará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude.

As dotacións das bolsas son as seguintes:

1.- Modalidade 1.- Bolsas e axudas ao estudo universitario, dotadas con 1.200,00€ cada unha, cunha contía mínima de 100,00 €

2.- Modalidade 2.- Bolsas e axudas para ciclos formativos que cursen especialidades que non existan en Xove, San Cibrao, Viveiro ou Burela, dotadas con 600,00 € cada unha, cunha contía mínima de 100,00€

3.- Modalidade 3.- Axudas para alumnos con discapacidade física ou psíquica que asistan a clases de educación especial ou a terapias de estimulación, dotadas con 750,00 € cada unha

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)

4.- Modalidade 4.- Axudas para compra de material escolar, coa seguinte dotación:

a.- Preescolar: 65,00€

b.- Primaria e ESO: 60,00€

c.- Bacharelato: 125,00€

d.- Ciclos formativos: 125,00€

5.- Modalidade 5.- Axudas para doutoramento, dotada con 1.200,00€.

6.- Modalidade 6.- Axudas para master, dotada con 500,00€.

Quinta. Requisitos dos solicitantes

Os interesados na concesión dunha bolsa ou axuda ao estudo deberán cumprir o requisito de empadroamento e residencia efectivo do núcleo familiar no Concello de Xove e, en caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, requirirase o empadroamento e residencia efectivo persoal.

Ademais, no caso das axudas da Modalidade 1 de bolsas e axudas ao estudo universitario, é condición indispensable non ter máis de dúas materias suspensas de cursos anteriores, a condición de que o alumno estea matriculado dun curso completo ou dun número de materias non inferior a cinco. E así proporcionalmente ao número de materias.

Así mesmo, para o gozar do total da axuda da modalidade 6 de máster deberá acreditarse documentalmente un gasto superior á cantidade para conceder, entendéndose como gastos a xustificar os derivados da matrícula, gastos de estancia, gastos de desprazamentos, gastos de alimentación e/ou gastos de material, e no caso de non xustificar o total da axuda, esta se prorrateará.

Os gastos deberán ser xustificados con facturas, taxas de matrícula, contratos (estancia) ou calquera outro gasto que acredite fidedignamente a realización do gasto sen admitirse simples recibos nin declaracións.

Sexta. Prazo de presentación das solicitudes

Os interesados en acceder ás bolsas e axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello e acompañar a documentación sinalada na Cláusula Oitava.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Xove así como nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 20 días naturais contados a partir da data de publicación pola Base de datos Nacional de Subvencións do Extracto da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sen que en ningún caso a duración da devandita prórroga poida exceder de 10 días.

Así mesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Xove, 2 de novembro de 2026.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3014

Anuncio publicado en: Num BOP 256 año 2026 (07/11/2026 08:00:00)